



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 868 Semana do 3 ao 9 de febreiro de 2020

**Case 14.000 afiliados menos á Seguridade Social. Resulta difícil consolidar esta afiliación por mor da temporalidade e estacionalidade**

## OS DATOS DO PARO CONSTATAN A FRAXILIDADE DUN MERCADO LABORAL PRECARIO, ESTACIONALIZADO E TEMPORAL

**O sector servizos achega a totalidade do paro, unha vez que remata a campaña de Nadal**

**Redacción.-** Os datos do paro publicados este martes constatan a fraxilidade dun mercado laboral precario, estacionalizado e temporal. Despois da campaña de Nadal, é o sector servizos o que en Galicia achega a totalidade do desemprego que se resinte dun xeito máis incisivo entre os máis mozos, principais destinatarios destas contratacións en Nadal. Para UGT-Galicia, urxe repoñer os dereitos dos traballadores e derrogar na súa totalidade a reforma laboral que só está a precarizar as condicións laborais. Tamén resulta moi necesario, á vista dos datos de cobertura por desemprego, que se establezan políticas públicas para protexer ás persoas en desemprego vía prestacións, combinando as axudas con medidas activas de emprego, de orientación, formación e inserción.

Así, os datos indican que en Galicia hai 2.447 persoas máis no desemprego en xaneiro, en relación a decembro, o que supón un aumento do 1,48%. En relación a hai un ano, o desemprego baixa nun 4,03%, 7.045 persoas en situación de desemprego menos. Resulta significativo que neste mes a contratación do desemprego, en relación a hai un ano, é a menor dende o ano 2015.

Por sexos, de novo, o incremento do desemprego foi máis acusado no caso das mulleres, nun 1,8%, fronte ao 1% no caso dos homes. No ano, a contratación foi superior no caso das mulleres, nun 4,3%, fronte ao 3,7%. Aínda así, a brecha no desemprego perdura, 72.387 homes en situación de desemprego, fronte a 95.368 mulleres.

Os máis mozos, os menores de 25 anos, tamén se levan a peor parte, cun incremento do desemprego do 2,38%. Isto evidencia que foron moitos os mozos e mozas que durante a campaña



de Nadal foron contratados e, unha vez rematada esta, perderon o emprego. Un sintoma máis da fraxilidade, temporalidade e precariedade do mercado laboral galego.

Por sectores, no mes, foi o sector servizos, cun incremento do desemprego do 2,83%, con 3.202 persoas en desemprego máis, o que achegou a totalidade do paro.

De feito, no resto dos sectores o paro caeu no mes de xaneiro. No ano, rexistrouse unha contracción en todos os sectores, máis forte no caso da construción, do 7,5%; no primario, do 7,5%; e na industria, do 6,82%. No sector servizos tamén se produciu un descenso do paro pero cunha caída máis baixa, do 2,8%.

Territorialmente, o paro aumentou no mes en todas as provincias. Nun 2,1% na Coruña; un 1,4% en Lugo; un 1,1% en Pontevedra; e un 0,8% en Ourense.

Os datos facilitado tamén indican que se fixeron en xaneiro en Galicia un total de 85.856 contratos, un 10,36% máis que en decembro, cun

forte aumento da contratación indefinida, dun 50,8%, deixándose ver que as medidas de fomento comezan a mellorar estas cifras. Non obstante, a contratación indefinida en Galicia segue sen chegar ao 10% do total, sitúase non 9,97%.

### Hai que protexer máis aos parados

A precariedade afecta fortemente ao desemprego, cunha taxa de cobertura de tan só 62,1 puntos, por debaixo dos 65,4 que se rexistran no resto do Estado. 94.323 persoas beneficiarias de prestación por desemprego. Ademais, trátase dunha cobertura maioritariamente asistencial. As prestacións contributivas representan o 48,3%, o resto son asistencias.

Outro dato negativo que arroxan as estatísticas é o relativo ás afiliacións á Seguridade Social. 1.006.506 en Galicia, un descenso en relación a decembro de 13.753 afiliados. Resulta difícil que coa estacionalidade e temporalidade que imperan se consoliden as afiliacións á Seguridade Social.

## UGT CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN “EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA” ESTE DOMINGO EN SANTIAGO

*Contra o deterioro da atención primaria, o desmantelamento dos hospitais públicos, as listas de espera e a precariedade do persoal da sanidade pública galega*

**Redacción.-** UGT chama á cidadanía galega a participar o vindeiro día 9 na manifestación que sairá ás 12 horas da Alameda compostelana baixo o lema “En defensa da sanidade pública galega”, convocada por SOS Sanidade Pública.

Nesta mobilización denunciarase a política sanitaria da Xunta de Galicia caracterizada polos recortes de recursos; o desmantelamento dos hospitais, con maior virulencia no caso dos comarcais; o abandono da atención primaria; a vulneración de dereitos das persoas con problemas de saúde mental, e a falta de recursos neste nivel asistencial; os recortes no desenvolvemento do plan de atención integral á saúde da muller; a ocultación e manipulación das listas de espera; e a precarización e explotación do persoal e a privatización. Esta política sanitaria está levando á sanidade pública a un punto de difícil retorno se non se para entre todos.

As protestas de atención primaria, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paridorio do seu hospital, as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán e profesional fronte a esta crise sanitaria.

Chegou o momento de concentrar os esforzos de toda a cidadanía e colectivos sociais e profesionais, por enriba das lóxicas e lexítimas diferenzas, nunha gran manifestación de defensa da sanidade pública galega e contra o seu deterioro e privatización.



# MANIFESTACIÓN

## EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA



Contra o deterioro da Atención Primaria e o desmantelamento e peche de servizos nos Hospitais Públicos.

Contra as listas de espera inaceptables e a precariedade do persoal da sanidade pública.

Contra a privatización da Sanidade Pública Galega.

**SOS**  
sanidade  
pública

**Domingo, 9 de febreiro,**  
ás 12 h. desde a Alameda  
de Santiago de Compostela

Por iso, UGT chama á participación na manifestación convocada para este domingo en Santiago que percorrerá as principais rúas da cidade para rematar na Praza da Quintana.

## A PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DA UNIVERSIDADE PÚBLICA CHAMA Á MOBILIZACIÓN O VINDEIRO MARTES CONTRA A PRIVATIZACIÓN

**Redacción.-** A Plataforma galega en defensa da universidade pública, da que FeSP-UGT forma parte, xunto con CCOO e CIG e sindicatos de estudantes, convoca mobilizacións este martes en varias cidades galegas en defensa do ensino público universitario e para evitar que os estudos a este nivel se convirtan nun campo de mercadeo e de negocio, competindo directamente coas institucións públicas.

A Plataforma denuncia que o proxecto existente en Galicia para a creación dunha universidade privada, Abanca, faise en paralelo ao proceso de depuración de títulos e merma da oferta na pública.

A oferta da nova universidade non suporía unha diversificación con respecto á oferta actual en Galicia, todo

o contrario, sería similar á xa existente, o que traerá consecuencias para os recursos e cadros de persoal das institucións públicas.

Por todo isto, FeSP-UGT considera que esta nova conxuntura precisa dunha resposta, para o cal se creou esta Plataforma que xa convocou sendas concentracións o día 11, ás 11 horas, na Coruña, fronte á Facultade de Informática; Ferrol (Vicerreitoría); Santiago (Reitoría); Lugo (Biblioteca intercentros); Ourense (Facultade de Ciencias da Educación); Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais); e Vigo (Reitoría).

EN DEFENSA DA  
UNIVERSIDADE  
PÚBLICA



CONTRA  
A PRIVATIZACIÓN

Martes  
11.Febreiro.2020  
11h

Santiago - Reitoría da USC  
Lugo - Biblioteca Intercentros  
A Coruña - Facultade de Informática  
Ferrol - Vicerreitoría Ferrol  
Vigo - Reitoría da UVigo  
Pontevedra - Facultade de Ciencias Sociais  
Ourense - Facultades de CC. Educación e de Historia

PLATAFORMA GALEGA  
EN DEFENSA DA  
UNIVERSIDADE PÚBLICA

## PESAR POLO FALECIMENTO DO COMPAÑEIRO “TONECHO”

**Redacción.-** Faleceu o venres, día 31 de xaneiro, o compañeiro Antonio Álvarez Cisneros, máis coñecido por Tonecho, profesor, dirixente de FETE-UGT durante moitos anos e actualmente secretario de Organización de FESP-UGT-Coruña, así como membro da Executiva provincial do PSdeG-PSOE.

Numerosos compañeiros que compartiron con el tantos anos de acción sindical e política en defensa do noso modelo de escola pública déronse cita o domingo na Coruña nun emotivo acto presidido pola bandeira republicana, que cubría o féretro, e baixo os acordos do himno galego e da internacional.

Sentía Tonecho como unha parte importante da súa vida os anxeos de colaborar na transformación deste país, especialmente en todo o que se

refería á educación, aspecto no que tiña unha dedicación absoluta, como docente e como sindicalista do ensino.

Aínda non hai moito que despedíamos a outro amigo e compañeiro, José Manuel Pose, do que se leu un poema no transcurso do acto do domingo. Nos dous casos eran persoas que proxectaban unha inxente actividade cara o futuro, o que fai sempre máis difícil de asumir o desenlace.

Tonecho tiña sempre unha actitude entusiasta e optimista que transmitía a tódalas persoas coas que trataba e era alleo ó desánimo. A súa proximidade, a súa atención cara a todo e a todos, a alegría que transmitía producía sempre, nas persoas que o trataban, unha reacción inmediata de confianza, compañerismo e solidariedade, pero era, ante todo, un amigo, sempre atento a calquera cousa que se requirira del.



Queremos transmitir á súa familia e ós seus amigos a nosa máis fonda consideración cara ó noso amigo e compañeiro, así como o noso sentimento de pésame.

## ABERTA A CONVOCATORIA PARA A OITAVA EDICIÓN DO PREMIO Á INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

**Redacción.-** O sector do Ensino de FeSP-UGT-Galicia e Escola Viva convocan a oitava edición do Premio á Innovación Educativa. O prazo para a presentación dos traballos quedou aberto o día 4 ata o 24 de abril.

O presidente de Escola Viva, Raúl Gómez Farto, explicou que nas sete edicións anteriores participaron máis de 400 centros de toda Galicia e que con esta actividade “contribuímos á mellora do sistema educativo de Galicia”. O obxectivo dos premios “é recoñecer o labor daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas innovadoras nos seus centros co fin de mellorar a formación do seu alumnado”.

Todos os interesados poderán presen-

tar os seus traballos ata o 24 de abril e a resolución do xurado darase a coñecer o día 22 de maio. Poderán presentarse a este premio profesores de Infantil, Primaria, Secundaria, Ensinanzas Artísticas e de Réxime especial de Formación Profesional de centros públicos e concertados.

O primeiro premio terá unha contía de 1.500 euros e o segundo de 800. O xurado tamén poderá outorgar mencións honoríficas sen dotación económica.

Os traballos educativos que se presenten deberán versar sobre o eido da aprendizaxe participativa a colaborativa, atención á diversidade, convivencia, educación ambiental, TICs, linguas estranxeiras e ensinanzas artísticas.

CONVOCATORIA  
**VIII PREMIO INNOVACIÓN EDUCATIVA**  
Escola Viva UGT FESP  
Galicia Ensino

PROXECTOS NOS ÁMBITOS:  
Aprendizaxe participativo e colaborativo  
Atención á diversidade  
Educación Ambiental  
Linguas Extranxeiras  
Ensinanzas Artísticas  
Convivencia  
TICs

PRAZO DE PRESENTACIÓN  
4/2/2020 AO 24/04/2020  
FALLO DO XURADO  
22/05/2020

1º PREMIO - 1.500€  
2º PREMIO - 800 €

Para máis información:  
[www.feteugtgalicia.es](http://www.feteugtgalicia.es)

## Lazos de cor azul eléctrica na Mariña pola “salvación da industria electrointensiva”

**Redacción.-** O Comité de empresa de Alcoa na Mariña inicia unha campaña para visibilizar a situación da planta de aluminio de Alcoa e pola salvación da industria electrointensiva.

A campaña comeza hoxe en Xove a partir das 12, intentando que os lazos azuis cheguen a todas as esquinas, e continuará en

Cervo. Cada semana o Comité levará a campaña a un dos concellos da bisbarra para advertir que a continuidade da factoría de Alcoa afecta a todos. Ademais dos lazos, repartiranse pins desta cor e decoraranse as zonas máis significativas. Como explicou Jorge Fernández (UGT), o obxecto é que a campaña chegue máis aló da Mariña porque os problemas das electrointensivas son comúns.



## O TRIBUNAL SUPREMO DÁ A RAZÓN A UGT E RECOÑECE AOS FIXOS DESCONTINUOS O CÓMPUTO DE TODA A ANTIGÜIDADE

**Redacción.-** Despois de anos de loita xudicial, UGT logrou o recoñecemento en casación por parte do Tribunal Supremo de toda a antigüidade aos traballadores fixos descontinuos, e non só os períodos de servizos prestados. Consólidanse así os dereitos dos traballadores máis precarios ao servizo da función pública.

O Tribunal Supremo estimou o curso de casación en unificación de doutrina formulado polos servizos xurídicos de UGT en relación cunha afiliada traballadora fixa descontinua da AEAT, que solicitou o recoñecemento de dereito de antigüidade tanto con efectos económicos (trienios) como para efectos da súa promoción profesional por todo o tempo da súa relación laboral.

A sentenza do TS é dunha transcendencia enorme porque establece unha nova interpretación, un novo criterio xurisprudencial contrario ao que estaba consolidado ata a data en relación coa forma

de computar a antigüidade destes traballadores fixos descontinuos, en prol dos dereitos dos devanditos traballadores, ao entender que a anterior doutrina é discriminatoria.

Recoñece o dereito de antigüidade a unha traballadora afiliada de UGT, fixa descontinua da AEAT, non polo tempo efectivo de traballo (só as campañas de renda traballadas), senón pola totalidade do tempo da súa relación laboral coa AEAT, é dicir, desde que obtivo a condición de fixa descontinua. Non se distingue entre tempo de suspensión da relación laboral e tempo de efectivo cumprimento do traballo, como tampouco se distingue noutros traballadores laborais a tempo completo da AEAT. Considera que o tratamento diferente para os fixos descontinuos como traballadores a tempo parcial é de todo discriminatorio en relación cos traballadores a tempo completo.

O Tribunal Supremo recoñece este dereito de antigüidade por todo o tempo

da relación laboral e coa máxima amplitude posible, é dicir, a efectos económicos e tamén a efectos de promoción profesional. Así se expresa no fallo: "declarando o dereito da afectada a que se compute, a efectos de promoción económica (trienios) e a efectos de promoción profesional (interna, vertical, horizontal e externa), toda a duración da relación laboral."

Con esta sentenza UGT consegue que o Tribunal Supremo modifique a doutrina consolidada que viña establecendo ata a data sobre a forma de computar a antigüidade dos traballadores fixos descontinuos da AEAT, e cámbiaa en beneficio da recorrente ao ter en conta todo o tempo que dura a relación laboral da traballadora coa AEAT e non só os períodos de traballo efectivo, por consideralo discriminatorio.

UGT confía en que esta sentenza sexa de aplicación a outros ámbitos laborais, pois senta o criterio interpretativo.

## UGT DENUNCIA A PRECARIIDADE DOS TRABALLADORES DAS MUTUAS

**Redacción.-** O sindicato puxo en marcha unha campaña para visibilizar os problemas destes traballadores: excesiva carga de traballo e aumento da precariedade laboral, derivada entre outros motivos da falta dun marco de relacións laborais adaptado ás necesidades das mutuas.

No noso país hai preto de 22.000 traballadores de mutuas colaboradoras coa Seguridade Social. Padecen unha gran inseguridade xurídica; o seu persoal estivo historicamente incluído no convenio de seguros, reaseguros e mutuas. Con todo, debido ás modificacións legislativas que afectan o sector desde o ano 2010, hai partes deste convenio -por exemplo as táboas salariais- que non son de aplicación. O sindicato calcula que perderon ao redor dun 20% de poder adquisitivo desde 2010.

Os traballadores deste sector están a padecer un incremento constante das cargas de traballo, á que se engade o aumento da presión derivada da falta de persoal. Tomás Beas, responsable do sector en UGT, afirmou que "urxe un cambio de modelo, un cambio estrutural que entre a fondo na problemática. É necesario



que se visualice a estas entidades sobre todo desde a súa perspectiva de prestar un dobre servizo público, sanitario e de xestión de prestacións da Seguridade Social. E deixar de entendelas como meros axentes económicos que deben deixar un saldo positivo ás arcas da Seguridade Social ou como policías do absentismo".

UGT recalca que é necesario e urgente que Administración, mutuas e sindicatos pónanse a traballar para recompoñer un sector que presta servizo ao ano a 17 millóns de persoas en relación a accidentes de traballo, case 15 millóns no caso das continxencias comúns e 3 millóns de autónomos.

# AS PERSOAS NON SE MERECEAN MÁIS DESPEDIMENTOS E TRABALLOS PRECARIOS

**UGT insiste na necesidade da derogación das reformas laborais, en resposta ao gobernador do Banco de España**

**Redacción.-** “A reforma laboral de 2012 non só non creou emprego, senón que fomentou o despedimento, a temporalidade, a precariedade e os baixos salarios. Por iso sorprenden tanto oír declaracións como as do gobernador do Banco de España defendendo a reforma laboral como “panca” no fomento do emprego”, manifestou o secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino.

Por este motivo, avogou por “derrogar as reformas laborais para crear empregos decentes e con dereitos. Xa iniciamos as negociacións para poder facelo. As persoas traballadoras deste país non se merecen máis despedimentos e traballos precarios”.

Gonzalo Pino sinalou que “en 2012 o PP aprobou a reforma laboral máis agresiva da nosa democracia, dinamitando o diálogo social entre os interlocutores sociais. Aínda hoxe, os cambios que produciu esta reforma laboral, froito da imposición e a ruptura do diálogo, seguen vixentes de maneira incomprensible”.

Por iso, o secretario de Política Sindical de UGT contestoulle que “deixe de facer de lobista da clase empresarial e se dedique a realizar o seu traballo de supervisión bancaria o máis eficientemente posible, co fin de que a nosa economía non se volva a resentir”.

“Temos unha normativa laboral filla da imposición e o desprezo polo diálogo, que só serviu para profundar no sufrimento das persoas deste país, para destruír emprego e empeorar o emprego vixente e as condicións para o desemprego. Necesitamos outro modelo de relacións laborais máis eficaz, moderno e garantista, que sexa a base da creación de emprego de calidade e con dereitos. Só así, señor gobernador, será posible que a economía creza con plenas garantías para a calidade de vida das persoas”, sentenciou.

Para Gonzalo Pino, a derogación da reforma laboral debe enmarcarse “nun contexto de reformas máis amplo. Celebramos o programa de Goberno, pero todas esas medidas téñense que concretar, porque xa temos a experiencia de que as boas intencións queden en papel mollado”.

Unha concreción que “debe provir do diálogo social. UGT sempre estará disposta a dialogar, negociar, achegar ideas e acordar as propostas necesarias para a estratexia de progreso que necesitan as persoas no noso país”.

Por iso, animou tamén ás organizacións empresariais “a ter un papel relevante neste progreso. Este cambio debe contar con todos, coas persoas traballadoras e coa clase em-

presarial”.

## Un novo AENC para mellorar as rendas, o emprego e a economía

Unha das patas fundamentais do diálogo social é a renovación do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), cuxa vixencia finaliza neste ano 2020. “O acordo para a subida do SMI debe ser a base para negociar un novo AENC. Aínda queda marxe de mellora para aumentar os salarios, para que o 1 de xaneiro de 2021 non haxa ningún convenio por baixo dos 1.000 euros”, sinalou.

“Debemos conseguir que os traballadores e traballadoras aumenten o seu poder adquisitivo. Se a economía crece, os salarios deben crecer tamén por encima do IPC”, considerou. Por iso, defendeu “estender e mellorar a protección da negociación colectiva, blindar a ultraactividade dos convenios colectivos e situar o convenio sectorial por enriba do convenio de empresa”.

“Só así melloraremos a calidade de vida das persoas. Ademais, promoveremos máis e mellores empregos, impulsaremos o consumo e asentaremos o crecemento económico no noso país”, sentenciou.

## UGT valora a aprobación da subida do SMI, o aumento salarial do 2% aos funcionarios e a subida das pensións un 0,9%

**Redacción.-** UGT congratúlase pola aprobación no Congreso das primeiras medidas sociais desta lexislatura, como a subida salarial do 2% aos funcionarios, a subida das pensións un 0,9% en 2020 e a aprobación, en Consello de Ministros, da subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) a 950 euros. Medidas froito todas elas dos acordos e consensos do diálogo social.

O sindicato valora que o comezo da lexislatura no Congreso estea marcado por un carácter claramente social das medidas aprobadas e anima ao Goberno e a todos os grupos parlamentarios a continuar esta senda durante o próximos catro anos e recuperar así dereitos e liberdades para todos os traballadores e traballadoras.

En relación ao SMI, o sindicato valora a subida de 900 a 950 euros deste ano. Un aumento que continúa o camiño para chegar ao 60% do salario medio que propugna a Carta Social Europea, algo que se debería alcanzar ao final desta lexislatura.

Un acordo moi satisfactorio que se logrou grazas á vontade do Goberno e os interlocutores sociais, que axudará a crear emprego, a impulsar o consumo e a demanda interna (e, por tanto, a economía) e que vai permitir saír do limiar da pobreza e a exclusión social a moitas familias traballadoras do noso país.

Un acordo que, ademais, posibilita que se chegue a 1.000 euros como salario mínimo de convenio o 1 de xaneiro de 2021 e axuda a encarar a negociación para o próximo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), cuxa vixencia acaba neste 2020, por asentar unhas bases concretas que deben facer a negociación fluída e diminuír así a conflitividade.

Para UGT, o aumento dos salarios dos funcionarios é tamén unha noticia moi positiva. Unha subida que vai posibilitar que, desde 2018, as persoas funcionarias visen aumentado a súa poder adquisitivo en máis dun 4%.

A Unión Xeral de Traballadores celebra



tamén o aumento das pensións nun 0,9% para este ano pero, ao mesmo tempo, reclama a derogación total da reforma de 2013, que pode sumir ás persoas pensionistas nunha pobreza constante e acabar co sistema público. Neste sentido, o sindicato esixe que se eliminen finalmente o Índice de Revolorización e o Factor de Sustentabilidade, garántase por lei a subida das pensións coa referencia do IPC e blíndese a viabilidade e sustentabilidade do sistema. Hai que iniciar xa a negociación para chegar a un acordo na Comisión do Pacto de Toledo que recupere os dereitos perdidos estes últimos anos para as persoas pensionistas e garanta a súa pensión presente e futura.

## UGT ESIXE GARANTIR O EMPREGO E FACILITAR A REINCORPORACIÓN DAS PERSOAS QUE SOFREN CANCRO

**Redacción.-** O cancro é unha enfermidade que afecta tanto á saúde física como psicolóxica do individuo, así como ao seu ámbito social, familiar e laboral. Segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), o cancro constitúe a segunda causa de morte no mundo e estímase un incremento dun 70% nos próximos 20 anos.

A OMS e a Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro estiman que anualmente 8 millóns de persoas morren por esta enfermidade e diagnósticanse 14 millóns de casos novos. Deles, o 19% sería atribuíble ao medio, en particular ao laboral, o que supoñería ao redor de 1,3 millóns de mortes cada ano.

Segundo a Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo (EU-OSHA), en Europa diagnósticanse cada ano 3,2 millóns de novos casos de cancro e aproximadamente a metade deles corresponden a persoas en idade de traballar. En España, segundo estimacións da OIT, falecen anualmente preto de 8.700 homes e 850 mulleres debido a cancros laborais.

Despois do diagnóstico dunha enfermidade como o cancro, no que se anula o proxecto de vida da persoa e da súa contorna familiar, é importante garantir a calidade de vida dos sobreviventes e isto pódese conseguir se manteñen o seu emprego, os seus ingresos e a súa estrutura de vida.

As secuelas tanto físicas como psíquicas provocadas pola enfermidade poden supoñer problemas para a volta ao traballo despois de padecer cancro, por iso lembramos que, tras ausencias prolongadas ao traballo debido á enfermidade, o empresario debe ofrecer ao traballador a realización da vixilancia da saúde, para coñecer se é necesaria a adaptación do posto de traballo ás novas condicións da persoa que o ocupa. Doutra banda, a incorpora-

ción laboral progresiva xera seguridade e unha menor ansiedade nos traballadores.

É importante a prevención da exposición a cancerixenos na contorna laboral e, para iso, urxe a trasposición da modificación da Directiva 2004/37/CE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinóxicos ou mutáxicos, pero respectando os valores límites vixentes en España naqueles casos nos que eran inferiores aos propostos pola Directiva de modificación, ao obxecto de manter o nivel de protección dos traballadores expostos dos últimos anos.

UGT non comparte unha trasposición literal da modificación da Directiva ao noso ordenamento xurídico, xa que pode supoñer unha grave deterioración do nivel de protección da poboación laboral exposta, xa que no caso da sílice cristalina pásase de 0,05 mg/m<sup>3</sup> a 0,1 mg/m<sup>3</sup>, no do bromoetileno de 2,2 mg/m<sup>3</sup> a 4,4 mg/m<sup>3</sup> e no da acrilamida de 0,03 mg/m<sup>3</sup> a 0,1 mg/m<sup>3</sup>.

O sindicato lembra que, no caso da sílice, a Comisión Europea advertía, xa en 2016, que había 5.300.000 persoas traballadoras expostas a este cancerixeno na UE, sendo España o país con maior cantidade de traballadores e traballadoras expostos, cun 26,8% do total, unha cifra que experimentou un acusado repunte nos últimos anos.

Ademais, reivindica a revisión e ampliación da Lista de Enfermidades Profesionais do noso país, así como a mellora do procedemento de identificación e notificación das enfermidades profesionais e de orixe profesional, sobre todo, nos casos de cancros de orixe la-



boral. Xa que segue existindo unha enorme infradeclaración deste tipo de enfermidade, así, durante 2019 unicamente foron recoñecidas 63 enfermidades causadas por axentes cancerixenos dun total de 27.343 enfermidades profesionais.

### Propostas de UGT:

Deben favorecerse programas de reincorporación ao traballo ás persoas que sofren cancro e establecer mecanismos de apoio para iso.

A través dos convenios colectivos é preciso negociar fórmulas para flexibilizar a incorporación ao traballo tras o cancro, facéndoa de maneira progresiva, nos casos dos traballadores afectados que así o soliciten. De igual forma, é fundamental unha comunicación fluida entre o traballador afectado, o empresario, o servizo de prevención e os representantes dos traballadores para que a reincorporación sexa o menos traumática posible.

Debe derogarse o art. 52.a do Estatuto dos Traballadores no que se inclúe a extinción do contrato de traballo por causas obxectivas debido á "ineptitude do traballador sobrevinda coa súa posterioridade á súa colocación efectiva na empresa". Nos casos de discapacidade sobrevinda, debería primar a adaptación do traballo á persoa e non ao contrario.

## UPA propón dar rango de Lei aos prezos xustos: "Só así sairemos da ruina"

**Redacción.-** A Unión de Pequenos Agricultores e Gandeiros (UPA) participou na primeira reunión da mesa de diálogo agrario convocada polo ministro de Agricultura, Luís Planas. A reunión chegou nun momento de gran tensión, tras as multitudinarias mobilizacións da semana pasada, que se prolongarán nos próximos días.

UPA trasladou a Planas que o problema máis urxente é a "absoluta falta dun prezo xusto que permita, polo menos, cubrir os custos de produción". Para iso,

propuxeron unha serie de cambios lexislativos que deben abordarse de forma urxente e que resumiron nos seguintes puntos: venda a perdas (que se estableza como práctica abusiva, e por tanto prohibida, ao longo de toda a cadea agroalimentaria); prezos xustos por Lei (que se defina o concepto de prezo xusto para cada un dos produtos agrarios perecedeiros que estará estreitamente ligado aos custos de produción); índices de custos de produción nos contratos (Que nos contratos de compravenda dos alimentos poidanse referenciar a índices de custos

de produción, como sucede en Francia ou Italia); mediador (que se recoñeza a figura dun mediador ou árbitro que actúe para velar polas boas relacións na cadea agroalimentaria; sancións exemplares (as sancións aos que abusen deben ser exemplares e sobre todo públicas); estudos de custos (os estudos sobre os custos de produción levan tempo sen actualizarse); etiquetaxe (a etiquetaxe en orixe debe ser obrigatoria para todos os produtos frescos e manufacturados); e venda directa (establecer medidas que regulen e faciliten a venda directa).